



## XIII MARCHA BTT CONCELLO DE RIANXO e IX ANDAINA DA MARCHA BTT

### 1.- DATOS XERAIS DA ACTIVIDADE

- **Denominación:** XIII Marcha BTT Concello de Rianxo
- **Organizador:** Peña Cicloturista Castro Barbudo
- **Colabora:** Concello de Rianxo
- **Data:** Domingo, 19 de abril de 2026
- **Hora:** 9 a 15 h.
- **Localidade Saída:** Rianxo
- **Localidade Chegada:** Rianxo
- **Modalidade:** Evento deportivo non federado
- **Categoría:** Maiores 18 anos (14 a 17 anos con autorización)

### 2.- REGULAMENTO DA PROBA

1. A Peña Cicloturista Castro Barbudo, en adiante Peña, coa colaboración do Concello de Rianxo, en adiante Concello, organiza a **XIII Marcha BTT Concello de Rianxo** e simultaneamente a **IX Andaina da Marcha BTT**, que se celebrarán o **domingo, 19 de abril de 2026** con saída e chegada no porto de Rianxo. A saída darase ás 09:00 h. A hora de remate de cada proba virá marcada polo percorrido elixido.
2. A actividade encádrase como proba de Cicloturismo-BTT/Andaina, que implica un exercicio físico con fins de ocio, turístico ou cultural, polo que se exclúe expresamente a competición. As persoas participantes, coa súa inscrición, manifestan encontrarse fisicamente aptas para a actividade.
3. Todas as persoas inscritas serán consideradas como participantes en excursión persoal, polo que deben aterse ás normas do vixente código de circulación, e deberán responsabilizarse persoalmente das infraccións que cometan. Cabe resaltar que a circulación de vehículos e persoas non estará cortada, polo que as participantes deben extremar a precaución en cruces coas estradas e zonas habitadas.
4. A idade mínima para poder participar na BTT e na Andaina será de 18 anos. Aquelas que teñan entre 14 anos e 17 anos cumpridos, poderán participar cunha autorización asinada polo pai, nai ou titor/a, xunto cunha copia do DNI da persoa que a autoriza.
5. A organización non se fai responsable dos gastos ou débedas que puidesen contraer as persoas participantes durante o percorrido.
6. Será imprescindible o uso do casco para participar na marcha.
7. Non está permitido levar animais de compañía no transcurso da actividade.



8. *Só será considerada participante da **XIII Marcha BTT Concello de Rianxo** e da **IX Andaina da Marcha BTT**, a persoa que cubra total e correctamente a inscrición a través da páxina [emesports.es](http://emesports.es)*
9. *O prezo da inscrición será de 15 € ata o venres 3 de abril e a partir desa data será de 20 € para todas as persoas participantes na proba de BTT. O prezo da inscrición para a Andaina será de 15 € ata o mércores 15 de abril. O pagamento deberá facerse no momento da inscrición.*
10. *O número máximo de participantes será de 500 na proba ciclista e 150 na andaina.*
11. *As inscricións consideraranse definitivas, aínda así, poderase solicitar a anulación da inscrición e a devolución do importe ata o mércores 8 de abril. A partires desa data, no caso de non poder participar na proba, non se realizará a devolución do importe da inscrición.*
12. *As inscricións pecharanse o xoves 16 de abril de 2026 ás 23:59 h. ou cando a organización o estime oportuno en función do número máximo de inscritos.*
13. *As comunicacións da organización faranse polos seguintes medios:*
  - Páxina web do evento en [emesports.es](http://emesports.es)*
  - Páxina web do Concello de Rianxo.*
  - Perfil de FB de Castro Barbudo*
  - Perfil de FB da Concellería de Deportes – Servizo de Deportes do Concello de Rianxo.*
14. *A organización resérvase o dereito a modificar horarios e/ou percorridos, así como a aprazar ou suspender a carreira se así o estima oportuno por razóns de seguridade. No caso de que para o día da celebración da proba se decrete unha alerta laranxa, a proba será suspendida automaticamente. Buscarase unha data adecuada para desenvolverla e non se devolverán os cartos da inscrición.*
15. ***Os diferentes percorridos estarán indicados con sinais verticais (estacas con indicador de sentido) e con cintas de balizaxe . A marcha longa, no tramo que non coincide co percorrido curto, non estará sinalizado, facilitarase o track (en formato kmz, kml e gpx) e cada participante será o responsable de dispor do equipamento necesario para seguir o trazado establecido.***
16. *A organización disporá dos servizos de asistencia sanitaria, ambulancia e Protección Civil durante o transcurso da marcha*
17. *Disporase dun ou varios avituallamentos en función do percorrido escollido.*
18. *Haberá a disposición dos participantes un servizo de duchas e lavado de bicicletas o rematar a proba.*
19. *A Peña garante o pleno cumprimento da Lei orgánica de protección de datos (LOPD). A persoa inscrita queda informada e presta o seu consentimento para a incorporación dos seus datos aos ficheiros automatizados existentes na Peña e ao seu tratamento para utilizalos en relación con xestións administrativas ou comerciais. A persoa inscrita pode exercer o seu dereito, mediante escrito dirixido á Peña, ao acceso, rectificación ou á cancelación destes datos.*
20. *A actividade conta cun seguro de responsabilidade civil e un seguro de accidentes colectivos coas coberturas reguladas polo RD 849/1993, polo que se determinan as prestacións mínimas do seguro obrigatorio deportivo.*
21. *A inscrición leva consigo a aceptación deste regulamento e implica obrigatoriamente que a persoa participante lle autoriza á organización da proba a gravación total ou parcial da súa*



*participación nesta e presta o seu consentimento para que poida ser utilizada a súa imaxe para a promoción e difusión da proba de todos os xeitos posibles (radio, prensa, vídeo, foto, dvd, Internet e redes sociais...). Para iso cederá todos os dereitos relativos á explotación comercial e publicitaria que a organización considere oportuno executar, sen dereito a recibir compensación algunha.*

22. *A inscrición, ademais do indicado no punto anterior, supón aceptar as normas da organización e renunciar a todos os dereitos contra a organización, patrocinadores e colaboradores dos danos que poida sufrir no seu transcurso.*